

**MARXISMO E  
CUESTIÓN NACIONAL**

**PARA  
PRINCIPIANTES**



**MARXISMO**



# ÍNDICE

<b>Primeira parte. Marxismo básico</b>	<b>2</b>
A orixe histórica do marxismo	2
O materialismo dialéctico	2
O materialismo histórico	3
O modo de produción capitalista e a súa superación	5
Proceso xeral	5
A mercadoría e a súa circulación	6
As crises cíclicas do capitalismo	7
A necesidade da revolución	8
A loita de clases fronte ao autoderrubamento do capitalismo	8
Reforma ou revolución?	8
<b>Segunda parte. A cuestión nacional</b>	<b>11</b>
Aproximación	11
Eivas do “marxismo clásico” no tratamento da cuestión nacional	11
A estrutura da sociedade nacional. Unha visión materialista	13
Os diferentes niveis da estrutura da sociedade nacional	14
A comunidade de vida económica: estrutura socioeconómica e produtiva	14
A comunidade de territorio: a base territorial	15
A comunidade de lingua e cultura: bagaxe social herdada	15
Disposición da estrutura social e definición de nación	16
Opresión nacional e movementos de liberación nacional	17
Formación, consolidación e contradición nacional	17
Mecanismos da opresión nacional	18
Os movementos de liberación nacional. A solución política para a contradición nacional: a liberación da nación oprimida	20

# Primeira parte. Marxismo básico

## 1. A orixe histórica do marxismo

O marxismo é, contrario ao que os representantes da vulgarización do mesmo cren, a continuación histórica da filosofía, a economía política e o socialismo, e non o enxeño case teolóxico dun só home. Precisamente como continuación destes tres saberes, xorde das maiores e mellores representacións dos mesmos naquela época; a filosofía alemá, a economía política inglesa e o socialismo francés.

Cando o marxismo foi elaborado, Marx enriqueceu a súa teoría cos aportes que a filosofía clásica alemá e os seus máximos expoñentes, Hegel e Feuerbach, elaboraron, nomeadamente a dialéctica, que definiremos a posteriori. De igual modo, colleu da economía política clásica inglesa, da man de Adam Smith e David Ricardo, as bases da teoría do valor e do traballo, que logo Marx superaría a través da crítica da economía política e, partindo do socialismo utópico francés, logrou propoñer unha solución real, sinalando que forza social estaba en condicións de se converter na creadora dunha nova sociedade que superara a explotación asalariada.

## 2. O materialismo dialéctico


O materialismo dialéctico é o método de análise marxista baseado en presupostos científicos que, partindo da dialéctica hegeliana, se ergue sobre a historia filosófica do materialismo. As súas dúas principais características son a enunciación dun movemento e transformación continua de todas as cousas e a interacción recíproca das mesmas, negando a relación causa-efecto socializada pola ciencia burguesa.

Para unha mellor comprensión da mesma, cómpre ter en conta as seguintes premisas, comunmente coñecidas como “leis da dialéctica”:

- *Lei da unidade dos contrarios*. Esta lei enuncia o carácter poliédrico da natureza, definindo todas as cousas que a conforman como elas e o seu contrario. Entre estas dúas partes dunha mesma cousa estableceríase unha loita continua que protagonizaría o movemento e transformación constante do todo.

1 - *Lei da transformación da*  
2 *calidade en cantidade.* Esta lei  
3 estipula que un cambio cuantitativo  
4 continuo, isto é, unha variación  
5 formal do obxecto, acaba por dar  
6 lugar a un cambio cualitativo do  
7 mesmo; o nacemento de algo novo.

8  
9 - *Lei da negación da negación.*  
10 Froito da loita continua establecida  
11 polas cousas e o seu contrario e o  
12 movemento continuo que xera,  
13 estas acaban por transformarse nalgo novo. Neste sentido, o clásico esquema tese-  
14 antítese-síntese presentado na imaxe, aínda sendo realmente impreciso, resulta de  
15 utilidade para a súa comprensión.



### 18 **3. O materialismo histórico**

19 Afastados do estudo academicista que se fai do marxismo e que tenta ocultar o  
20 seu carácter revolucionario, débese aplicar o materialismo dialéctico á análise das  
21 sociedades humanas, tal e como fixeron Marx e Engels, dando lugar ao coñecido  
22 como materialismo histórico.

23  
24 “O motor da historia é a loita de clases” é quizais unha das afirmacións que mellor  
25 explican o avance das sociedades humanas até os nosos días. Aplicando as leis da  
26 dialéctica anteriormente explicadas no seo das sociedades humanas, o marxismo  
27 identificou un conxunto de relacións sociais de producións a través dos cales  
28 periodizou a historia humana, os modos de produción, nos cales, a excepción do  
29 comunismo primitivo, se encontraba unha contradición fundamental sobre a cal  
30 se erguía o resto das mesmas: as clases sociais. No caso europeo, a sucesión destes  
31 modos de produción sería a seguinte:

32  
33 - A historia da humanidade comezaría no comunismo primitivo, onde non  
34 existirían as clases sociais e os rudimentarios medios de produción, isto é, todas  
35 aquelas ferramentas, máquinas ou tecnoloxía do momento que nos permitiría

1       transformar a materia prima no produto final desexado, serían propiedade  
2       común da sociedade.

3       - Após unha fase de acumulación de excedente e cunha incipiente xerarquización  
4       social, comezaría a xurdir o escravismo. Este modo de produción tería como  
5       contradición principal o amo-escravo, onde o amo sería o posuidor das forzas  
6       produtivas (forza de traballo necesaria para a produción do obxecto + medios  
7       de produción).

8       - A loita continua no seo da contradición principal do escravismo (amo-escravo)  
9       daría lugar, pola vía revolucionaria, ao xurdimento do modo de produción  
10       feudalista. Este modo de produción tería como contradición principal o señor-  
11       servo, posuíndo o señor a propiedade total sobre os medios de produción e de  
12       forma parcial a da forza de traballo (isto é, a enerxía do servo necesaria para  
13       realizar o traballo).

14       - Coa chegada das revolucións burguesas, as sociedades feudalistas serían  
15       paulatinamente superadas pola aparición da burguesía que encontraría no  
16       proletariado o seu oposto. A burguesía posuiría a propiedade total sobre os  
17       medios de produción, porén, a forza de traballo sería teoricamente libre, aínda  
18       que sometida a súa propia venda a cambio dun salario, que sería a cantidade  
19       de diñeiro necesario para a súa supervivencia e reprodución, asegurando o  
20       capitalista un relevo na forza de traballo.

21  
22       O paso dun modo de produción ao seguinte estaría baseado nas leis da dialéctica  
23       anteriormente descritas polas cales a continua loita dos opostos daría lugar a un  
24       maior desenvolvemento das forzas produtivas que, por súa vez, permitiría un  
25       cambio cuantitativo no existente que, logo de sucesivos, daría lugar a unha mudanza  
26       cualitativa. De igual modo, cómpre aclarar que non estamos a falar dunha visión  
27       historicista da realidade na cal o ser humano sería un suxeito incapacitado para o  
28       desenvolvemento social baixo o xugo da historia, senón que, pola contra, os avances  
29       e retrocesos das clases sociais en cadanseu modo de produción darían lugar á  
30       superación dos mesmos e á substitución por un novo.

31  
32       Cada un destes modos de produción estaría conformado por unha superestrutura  
33       e unha infraestrutura. A infraestrutura representaría a parte económica do modo  
34       de produción, incluíndo as relacións de produción (as relacións que se establecen  
35       entre oprimidos e opresores) e as forzas produtivas. Pola contra, a superestrutura

1 referiríase ao mundo das ideas co aparello xurídico-político que constituiría o  
2 Estado entendido como ferramenta da clase opresora para manter os seus intereses  
3 así coma outras expresións como a arte, a relixión, a ciencia etc. Superestrutura e  
4 infraestrutura establecerían entre si unha relación de mutua influencia consonte ás  
5 leis da dialéctica anteriormente descritas. É dicir, en oposición á malinterpretación  
6 do materialismo que se fai desde algunhas coordenadas políticas, non existiría unha  
7 relación de influencia unilateral da infraestrutura cara a superestrutura, a pesar de  
8 que esta última estaría, en primeira instancia, determinada pola infraestrutura.

9  
10 Ademais, a respecto dos modos de produción, estes non se presentan na sociedade  
11 dunha forma total, xa que a transición dun modo de produción ao seguinte forma  
12 parte dun proceso histórico con avances e retrocesos a través do cal se destrúe o  
13 modo de produción anterior, mentres se constrúe o seguinte. Neste senso, cobra  
14 relevancia o concepto de formación social, entendido coma o conxunto de modos  
15 de produción imperantes nunha sociedade e as relacións dialécticas que establecen  
16 entre si, onde o modo de produción hexemónico influencia e ten tendencia a asimilar  
17 ao resto, mais, por súa vez, os modos de produción anteriores, coas características  
18 concretas que toman en cada territorio, tamén determinan o desenvolvemento do  
19 hexemónico.

## 22 **4. O modo de produción capitalista e a súa superación**

### 23 **4.1. Proceso xeral**

24 Para os marxistas, o capitalismo sería o modo de produción caracterizado polo  
25 enfrontamento mediante a loita de clases entre o proletariado e a burguesía.  
26 Esta última posuiría a propiedade sobre os medios de produción mentres que o  
27 proletariado, froito do desposuimento histórico desta propiedade, veríase obrigado  
28 a vender a súa forza de traballo como unha mercadoría, entendida como un  
29 obxecto intercambiado no mercado, a cambio do salario que, como xa dixemos con  
30 anterioridade, viría a cubrir as necesidades básicas de supervivencia e reprodución  
31 do proletariado.

32  
33 Neste sentido, existiría un capital variábel, invertido no pago da forza de traballo, e un  
34 capital constante, investido nos medios de produción. O primeiro definiríase como  
35 variábel, debido a que o pago do salario é inferior aos beneficios que xera o traballo

1 do proletario a través do uso da súa forza de traballo, xerando a maisvalía, mentres  
2 que os medios de produción dan lugar a un beneficio igual ao seu investimento. Por  
3 tanto, o intercambio mercantil simple caracterizado pola tenencia de mercadorías  
4 que serían vendidas para adquirir novas mercadorías (M-D-M) característico dos  
5 modos de produción anteriores, sería substituído polo intercambio capitalista que  
6 se basearía na tenencia inicial de capital co que producir mercadorías para ter máis  
7 capital (D-M-D' (D+d)).  
8

#### 9 **4.2. A mercadoría e a súa circulación**

10 Partindo do feito de que as mercadorías teñen un valor de uso (o obxectivo para o  
11 que estas son producidas) e un valor de cambio, a lei do valor-traballo afirmaría que  
12 este último está determinado polo traballo social e abstracto usado nunha produción  
13 e medido no tempo invertido para a mesma. Este traballo sería social debido a que,  
14 nunha mesma sociedade, achamos empresas con distintos niveis de produtividade  
15 que producen mercadorías semellantes, polo que o valor da mercadoría cambiaría,  
16 mais o que nos importa é o social, que é resultado da súa realización en condicións  
17 normais (predominantes) de produción e cun grao medio de destreza e intensidade.  
18 Ademais, este traballo sería abstracto debido a que o traballo abstracto (en oposición  
19 ao concreto, que viría dado polo valor de uso, a materia e os medios de produción  
20 utilizados) se define como o gasto de forza de traballo que, ao ser cualitativamente  
21 igual para todas as mercadorías, permite a súa comparación, xurdindo o valor de  
22 cambio. No caso concreto da forza de traballo, esta sería a única mercadoría xeradora  
23 de valor debido a que os traballadores realizarían máis traballo do necesario para  
24 reproducir o valor da súa forza de traballo. Este traballo extra, medido no tempo  
25 investido, xeraría un valor apropiado polo capitalista, a maisvalía, obtida a través  
26 da explotación do obreiro.  
27

28 No mercado, a través da comparación que permite o valor de cambio por ser  
29 cualitativamente igual, as mercadorías establecen un equivalente universal que,  
30 cando vén expresado a través do diñeiro, se denomina prezo. No sistema capitalista  
31 os prezos poden estar por enriba ou por debaixo do valor debido á anarquía na  
32 produción das mercadorías (producir pouco aumenta o prezo, mentres que producir  
33 demasiado fai que diminúa), porén, a lei do valor-traballo actúa como reguladora,  
34 de tal forma que lles ensina aos capitalistas cando estas desproporcionalidades  
35 están acontecendo.



1 Esta lei, por súa vez, dá lugar ao desenvolvemento das forzas produtivas, posto  
2 que os capitalistas tentan reducir o valor individual da mercadoría a través do  
3 desenvolvemento tecnolóxico dos medios de produción e a maior explotación do  
4 proletariado para, deste modo, obter maiores beneficios. É dicir, a competencia que  
5 xera a lei do valor-traballo nun sistema no que existe a propiedade privada, dá lugar  
6 ao desenvolvemento frenético dos medios de produción. Isto, por súa vez, dá lugar  
7 a que, aqueles que son capaces de desenvolver os avances tecnolóxicos necesarios,  
8 se enriquezan, mentres que, os que fican relegados, se arruínan, tendo que pasar a  
9 formar parte da masa asalariada, dando lugar a unha concentración do capital ou  
10 ben a un proceso de centralización a través da unión de varios capitalistas. Ambos  
11 procesos, cando abarcan case a totalidade dunha rama da produción, acaban por  
12 dar lugar aos monopolios.

13

#### 14 **4.3. As crises cíclicas do capitalismo**

15 As tendencias de circulación do capital coa súa parte variábel e a súa parte constante  
16 explicada con anterioridade, xunto coa tendencia a aumentar a taxa de beneficio dos  
17 capitalistas dan lugar ás denominadas “crises cíclicas do capitalismo”. Esta teoría  
18 viría afirmar que as crises que teñen lugar no capitalismo, de forma contraria ao  
19 afirmado polos economistas burgueses, terían na natureza do sistema capitalista a  
20 súa orixe. Isto deberíase a diversas causas:

21

- 22 - A competición entre os capitalistas daría lugar a un maior investimento nos  
23 medios de produción que reducirían a necesidade usar forza de traballo, única  
24 mercadoría capaz de crear valor, polo que o valor final do produto se reduciría.
- 25 - O maior desenvolvemento dos medios de produción daría lugar a un maior  
26 incremento das mercadorías, porén, os salarios na súa definición marxista  
27 só virían a cubrir a supervivencia (definida en cada época histórica dunha  
28 determinada forma) e reprodución, polo que a meirande parte da poboación  
29 non tería o nivel adquisitivo suficiente para producir os bens de consumo  
30 producidos en masa. Nesta situación cobra relevancia o crédito bancario que,  
31 da man da burguesía financeira, aumentaría a capacidade de extensión da  
32 produción, excedendo constantemente os límites do mercado.
- 33 - O impulso da loita da clase obreira fronte ao poder da burguesía deviría nunha  
34 mellora relativa das condicións do obreiro (aumento dos salarios, rebaixa da  
35 xornada laboral etc.).



1 - A acción do capital financeiro que, após colaborar na situación de  
2 superproducción, ó primeiro síntome de crise fai que desapareza o crédito.

3  
4 Todo isto, en definitiva, daría lugar a unha diminución na taxa de beneficio do  
5 capital, que, da man da anarquía da produción imperante no capitalismo, xeraría  
6 unha situación de crise cíclica no seo das sociedades capitalistas.

## 7 8 9 **5. A necesidade da revolución**

### 10 **5.1. A loita de clases fronte ao autoderrubamento do capitalismo**

11 En relación co punto anterior, chega a lei da tendencia decrecente da taxa de  
12 ganancia. Esta lei, a través dos postulados anteriormente explicados, sosteña que  
13 a taxa de ganancia da burguesía iría decrecendo segundo tiveran lugar as distintas  
14 crises cíclicas do capital, polo que, segundo Marx en *Unha contribución á crítica*  
15 *da economía política*: “nun estadio determinado do seu desenvolvemento, as forzas  
16 produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción  
17 existentes ou coas relacións de produción dentro das cales se estiveran movendo  
18 até o momento. Esas relacións transfórmanse de formas de desenvolvemento das  
19 forzas produtivas en ataduras das mesmas, indicándose unha época de revolución  
20 social”.

21  
22 Non obstante, esta visión, alén de ter consecuencias políticas nefastas (o nihilismo  
23 político froito da propia autoliquidación do sistema ou o entendemento da loita  
24 de clases coma un mero instrumento para impor o socialismo sen a necesidade  
25 de destruír o capitalismo), acaba por entrar nas dinámicas propias da economía  
26 política burguesa, reducindo a problemática sistémica a un conxunto de relacións  
27 económicas. Neste sentido, entendemos que Marx o que elabora son especulacións  
28 acerca de escenario no longo prazo, afastados da súa realidade e da nosa mesma,  
29 debido ao infranqueábel avance da loita de clases.

### 30 31 **5.2. Reforma ou revolución?**

32 A solución política principal oposta ao socialismo que encontran os sectores  
33 críticos co capitalismo é a socialdemocracia. Esta consistiría en ampliar os marcos  
34 do Estado, logrando vivir nun sistema mellor xestionado mais onde a ditadura do  
35 capital e a escravitude asalariada seguirán a existir. Pola descrición do capitalismo

1 realizada até chegar a este punto, esta solución resulta imposíbel, xa que o problema  
2 do capitalismo non é formal, senón inherente a el, polo que todo o que consigo trae  
3 só pode ser logrado a través do seu derrubamento.

4  
5 En canto á súa superación, un sector oportunista autodenominado “socialista”  
6 acredita na posibilidade de levala a cabo a través dun cambio continuo con reformas.  
7 Este sector, encabezado historicamente por Bernstein, e ao que Rosa Luxemburg  
8 lle deu resposta en *Reforma ou revolución social* concibiría o Estado coma un  
9 instrumento que sería devolto á sociedade segundo este tivera que ir ampliando a súa  
10 esfera de acción, cunha concepción rupturista da acción sindical e parlamentaria,  
11 que iría provocando cambios legislativos que farían chegar ao socialismo. Pola  
12 contra, a historia ensínanos que as constitucións e a lexislación xeral de cada modo  
13 de produción é produto dunha revolución, é dicir, como dicía Rosa Luxemburg:  
14 “na historia das clases, a revolución é un acto de creación política, mentres que a  
15 lexislación é a expresión política da vida dunha sociedade que xa existe”.

16  
17 Neste sentido na análise marxista, o Estado sería, como xa definimos con  
18 anterioridade, o instrumento do que se serve a clase dominante para garantir o seu  
19 poder. Este Estado ramificaría en multitude de eidos (a educación, a sanidade, a  
20 lexislación...) e conformaría xunto con outras expresións como a arte, a relixión  
21 ou a ciencia o que anteriormente definimos como superestrutura. Volvendo sobre  
22 o dito, e aplicando á realidade o até aquí aprendido, esta superestrutura como  
23 parte do modo de produción capitalista establecería unha relación dialéctica coa  
24 infraestrutura, valéndose a unha da outra para se reforzar. Neste sentido, o Estado,  
25 como 1) instrumento da clase dominante para manter a súa hexemonía 2) parte  
26 da superestrutura que conforma, por súa vez, o modo de produción capitalista,  
27 non pode ser a ferramenta a través da cal superar o capitalismo, que procurará os  
28 seus miserábeis mecanismos para rematar con calquera intento de reformismo  
29 revolucionario (se é que iso for posíbel). Sería a solución, entón, a toma do poder sobre  
30 o Estado burgués e a súa posterior destrución, para crear, a si mesmo, un Estado de  
31 novo tipo, que segue a entenderse como un instrumento da clases dominante para  
32 manter a súa hexemonía, mais que, a través da ditadura do proletariado, situaría  
33 a esta clase no poder, no punto concreto para posibilitar a paulatina abolición das  
34 clases sociais e, por tanto, do Estado.

**MARXISMO E  
CUESTIÓN NACIONAL**

**PARA  
PRINCIPIANTES**

**CUESTIÓN  
NACIONAL**



**isca!**

## Segunda parte. A cuestión nacional. A nación.

### 1- Aproximación

1 A formación das sociedades humanas é o resultado dun proceso de desenvolvemento,  
2 a través do traballo, da relación dialéctica entre a humanidade e a natureza. Porén,  
3 este proceso de desenvolvemento (que evoluciona a niveis máis elevados cun  
4 maior desenvolvemento das forzas produtivas) non se produce de xeito uniforme  
5 arredor do mundo, senón que é desigual, nun proceso peculiar en cada realidade  
6 concreta, cunhas estruturas socioeconómicas concretas e uns fenómenos culturais  
7 e lingüísticos específicos.  
8

9  
10 A ideoloxía burguesa tende a percibir os fenómenos sociais explicativos da nación,  
11 desde unha perspectiva diferencialista, que entende a nación como o “feito  
12 diferencial”, como agregación de individuos “diferentes”, ou como unha unidade  
13 de destino á marxe das dinámicas sociais. Por unha banda, o “carácter estático  
14 diferencial” reflicte unha visión que entende as diferentes estruturas sociais (como  
15 as tradicións culturais) como inmutábeis, sendo elementos constitutivos eternos da  
16 sociedade nacional en cuestión e independentes das dinámicas sociais. Por outra  
17 banda, o “carácter individualista diferencial” pode servir para xustificar posturas  
18 supremacistas, pois serve de base para a crenza na existencia de nacións “superiores”  
19 e “inferiores”. En definitiva, considérase que a nación é unha “esencia”, desde  
20 unha perspectiva acientífica e incapaz de explicar a complexidade do fenómeno.  
21 Cómpre, pois, achegarnos á cuestión nacional desde o materialismo histórico,  
22 para analizarmos as sociedades desde as súas dinámicas internas, a evolución ao  
23 longo da historia como produto das relacións humanas, cambiantes e atravesadas  
24 polo antagonismo no interior de ditas sociedades. A sociedade nacional é o marco  
25 concreto onde se manifesta a evolución social e a loita de clases.  
26

### 2- Eivas do “marxismo clásico” no tratamento da cuestión nacional

27  
28 Para a superación dos elementos propios da ideoloxía burguesa no relativo ao  
29 tratamento da cuestión nacional, cómpre a utilización da caixa de ferramentas  
30 do marxismo. Porén, por parte do “marxismo clásico” existen algunhas eivas ou  
31  
32

1 limitacións na interpretación do fenómeno nacional.

2  
3 Alén das posturas doutros autores como Otto Bauer, os debates entre Lenin e  
4 Rosa Luxemburgo ou as posturas abertamente chauvinistas de nación dominante  
5 propias da II Internacional, unha das primeiras achegas á conceptualización da  
6 nación parte do revolucionario xeorxiano J.Stalin. Porén, a súa conceptualización  
7 presenta algunhas limitacións. Stalin define a nación como unha “comunidade  
8 humana estábel, historicamente formada sobre a base dunha comunidade de  
9 idioma, territorio, vida económica e psicoloxía, que se manifesta nunha comunidade  
10 de cultura”. Dúas críticas principais poden ser desenvolvidas ao respecto:

11  
12 a) Crítica á perspectiva estática. Non se ten en conta a estrutura fundamental  
13 da sociedade á hora de abordar o fenómeno nacional. Neste sentido, límitase a  
14 enunciar unha suma de características que serían propias dunha nación, elementos  
15 estruturais moi diferentes, sen entender a relación dialéctica entre os elementos  
16 mencionados, que é fundamental para a análise do fenómeno da sociedade  
17 nacional. Ao enunciar unha serie de características da sociedade nacional, sen  
18 abordar a relación dialéctica entre estes elementos, temos unha análise superficial,  
19 que nos di o que é o que vemos, mais non como funciona ou as causas históricas que  
20 fundamenten a estrutura da sociedade nacional. Isto é, dispoñemos dunha imaxe  
21 estática, aliás, unha imaxe eurocéntrica, que non é máis que unha fotografía da  
22 “nación europea xurdida da modernidade” que carece de aplicación universal.

23  
24 b) Crítica á perspectiva historicista. Enténdese o fenómeno nacional como un  
25 artificio histórico froito dunha época determinada (concretamente do capitalismo  
26 ascendente), no canto de constituír un fenómeno social cunha dinámica propia que  
27 muda ao longo da historia. Segundo Stalin: “A nación é unha categoría histórica  
28 dunha determinada época, da época do capitalismo ascensional. O proceso de  
29 liquidación do feudalismo e desenvolvemento do capitalismo é, ao mesmo tempo, o  
30 proceso no que os homes se constituén en nacións”. Por tanto, podemos facer dúas  
31 críticas ao respecto:

32  
33 b.1) A crítica ao suposto carácter burgués do fenómeno nacional. A nación  
34 sería formada no marco do capitalismo ascendente, coa burguesía como axente  
35 nacionalizador imprescindible, e, deste xeito, un fenómeno como a loita de

1 liberación nacional sería necesariamente un conflicto entre sectores burgueses.  
2 Isto, no mellor dos casos, podería explicar en boa medida o fenómeno nacional  
3 nalgúns países capitalistas europeos, porén, a historia amosou a necesidade  
4 da superación desa conceptualización que non era universalmente válida. Un  
5 claro exemplo son os procesos de liberación nacional e anticolonial da periferia,  
6 encamiñados cara ao socialismo (China, Corea, Cuba, Alxeria, Vietnam etc).  
7 Porén, tamén no caso galego, a única clase con potencial para exercer como  
8 nacionalizadora e dirixente do proceso de liberación nacional, sería a clase  
9 obreira.

10  
11 b.2) A crítica ao determinismo historicista do fenómeno nacional. Considérase  
12 que o fenómeno nacional é un artificio histórico (que emerxe no capitalismo  
13 ascendente) destinado a desaparecer. Isto é unha postura determinista. Por  
14 outra banda, a crítica cara esta postura, tampouco implica necesariamente  
15 caer nunha postura esencialista que defenda que a nación está destinada a  
16 perdurar eternamente, senón que non se pode abordar o seu estudo como se  
17 estivese subordinada a un proceso histórico concreto. A realidade amosa que  
18 non son necesariamente as contradicións entre a antiga estrutura feudal e a  
19 nova estrutura capitalista o que determina o ascenso do fenómeno nacional  
20 en moitos países, polo que non podemos reduci-lo a un artificio histórico  
21 propio do capitalismo ascendente fronte ao feudalismo. Novamente, esta é  
22 unha visión eurocéntrica, posto que velaí están os movementos anticoloniais  
23 e de liberación nacional na periferia, que nalgúns casos construíron a nación  
24 desde unha orientación socialista-comunista, directamente desde sociedades  
25 precapitalistas. Do mesmo xeito que seguimos vendo que a contradición nacional  
26 non foi superada, senón que continúa até mesmo despois da independencia  
27 formal, posto que a independencia formal baixo o capitalismo, non equivale a  
28 independencia real, nomeadamente en países periféricos no marco da división  
29 internacional do traballo inherente ao imperialismo capitalista. Por outra  
30 banda, antigos estados socialistas plurinacionais non foron quen de resolver  
31 plenamente as contradicións nacionais no seu interior, o que conduciu a  
32 procesos de “independencia” que beneficiaron ao imperialismo.

### **3- A estrutura da sociedade nacional. Unha visión materialista**

O fenómeno nacional non é un simple feito estático e vencellado a unha época histórica concreta, senón que é un fenómeno cunha dinámica propia, vencellado de xeito indisociábel aos movementos dialécticos da estrutura da sociedade. Por tanto, sabendo que por unha banda a nación require dunha clase social nacionalizadora, que por outra banda o fenómeno nacional é o resultado dun proceso histórico e que se a sociedade nacional configúrase a través dunha “comunidade humana historicamente formada”, haberá que analizar a base sobre a que se dispoñen cada un dos elementos da formación social para explicarmos as dinámicas propias do fenómeno nacional. A este respecto, deberemos diferenciar entre infraestrutura (a base económica da sociedade) e supraestrutura (fenómenos ideolóxicos e xurídico-políticos) onde os fenómenos infraestruturais e supraestruturais están relacionados de maneira dialéctica. A cuestión é como situar os diferentes compoñentes dunha sociedade nacional nos diferentes niveis de estrutura.

#### **3.1- Os diferentes niveis da estrutura da sociedade nacional**

##### *3.1.1-A comunidade de vida económica: estrutura socioeconómica e produtiva*

Este é un fenómeno de tipo infraestrutural, que comprende o conxunto de relacións económicas nunha sociedade, que dependen, por unha banda, do nivel de desenvolvemento das forzas produtivas e, por outra banda, as manifestacións concretas do modo de produción condicionadas polo nivel de desenvolvemento das estruturas sociais. Por tanto, partindo do desenvolvemento específico de cada sociedade concreta, resulta unha comunidade de vida económica peculiar e propia de cada sociedade. Trátase do eixo vertebrador da sociedade, polo que debemos entender a sociedade nacional como un marco concreto de desenvolvemento económico e, por tanto, tamén da loita de clases.

Neste sentido, correspóndelle a unha clase social ascendente desenvolver o papel histórico de cohesionar a comunidade nacional, vertebrando o carácter nacional da sociedade, isto é, exercer como clase social nacionalizadora, que nalgúns casos foi un papel que correspondeu á burguesía nacional, mais noutros é a clase obreira a que exerce (ou potencialmente pode exercer) o papel histórico nacionalizador.

A este respecto, e en relación cos outros niveis da estrutura social nos que afondaremos



1 máis polo miúdo nos seguintes apartados, podemos considerar a comunidade de  
2 vida económica como a estrutura dinámica central no seo da sociedade.

### 3 4 *3.1.2-A comunidade de territorio: a base territorial*

5 O territorio non sería un elemento da estrutura socioeconómica, así como tampouco  
6 un elemento da supraestrutura, senón máis ben unha base sobre a que se asenta o  
7 conxunto da sociedade e, por tanto, o fundamento material sobre a que se edifica a  
8 estrutura social e onde teñen lugar as contradicións sociais.

9  
10 Por unha banda, a base territorial é o nivel máis básico de relación dialéctica entre  
11 a humanidade e a natureza, de onde xorden as reflexións sobre o traballo (recursos  
12 sociais básicos) e de onde son extraídos os recursos produtivos elementares para  
13 o desenvolvemento das forzas produtivas (recursos naturais básicos). Isto é, o  
14 territorio estaría na base da estrutura socioeconómica e produtiva, estando en  
15 constante relación dialéctica con esta, se ben é certo que a súa simple existencia  
16 física non é debida á acción humana. Por outra banda, o territorio pode ser unha  
17 relación supraestrutural, constituíndo un marco de intervención da ideoloxía da  
18 clase dominante e de aplicación do poder estatal no control das súas fronteiras  
19 políticas.

20  
21 O territorio é o fundamento de toda a estrutura da sociedade, a base material onde  
22 é desenvolvida a dialéctica básica dos fenómenos sociais desenvolvidos na relación  
23 coa contorna. Isto é, sendo o territorio a base natural, estará nun nivel diferente,  
24 aínda que dialecticamente relacionado, coa estrutura socioeconómica e produtiva e  
25 a supraestrutura ideolóxica e política.

### 26 27 *3.1.3-A comunidade de lingua e cultura: bagaxe social herdada*

28 Entendemos a lingua como o recurso comunicativo básico dos seres humanos,  
29 mentres que a cultura é a acumulación básica de reflexións sobre o traballo.  
30 Tendo en conta isto, observamos que hai unha relación coa base socioeconómica  
31 e produtiva, isto é, unha relación dialéctica entre o desenvolvemento das forzas  
32 produtivas e o desenvolvemento da lingua e cultura dunha sociedade nacional, isto é,  
33 a acumulación ou bagaxe cultural está estreitamente ligado co desenvolvemento das  
34 forzas produtivas. Ao mesmo tempo, o léxico dunha lingua evolúe na medida en que  
35 o modo de produción é transformado desde outro punto de vista, a lingua e a cultura

1 exercen un papel de vehiculizador ideolóxico, reflectindo a ideoloxía dominante  
2 nunha sociedade concreta, exercendo como un fenómeno supraestrutural, aínda  
3 que non deba ser reducido a este ámbito.

4  
5 Na liña do comentado anteriormente, o conxunto dos elementos lingüísticos poden  
6 ser considerados como a herdanza comunicativa, a través da cal é desenvolvida  
7 a sociedade, constituíndo a lingua como o resultado do desenvolvemento social  
8 humano, situándose como elemento conector do conxunto da sociedade e como  
9 herdanza. Ao mesmo tempo, a acumulación dos coñecementos técnicos e culturais  
10 é bagaxe herdada, actuando como acumulación progresiva de reflexións e  
11 coñecementos sobre o traballo, que mudan ao longo do tempo mais que tamén son  
12 acumulativos. Por outra banda, como xa dixemos anteriormente, a cultura tamén  
13 actúa como vehiculizador ideolóxico como instrumento da orde dominante, polo  
14 que a acumulación técnica e cultural actúa tamén como un conector da sociedade.

15  
16 En definitiva, por unha banda, cómpre diferenciar o papel da lingua e a cultura  
17 como bagaxe herdada e como expresións ideolóxicas, do seu papel como fenómeno  
18 inherente ao ser humano, froito da súa comprensión racional do medio e a súa  
19 condición social cooperativa, bioloxicamente innata. Isto é, a lingua e a cultura non  
20 pertencen a un nivel en específico, senón que constitúen a bagaxe social herdada  
21 que actúa como conector do conxunto da estrutura da sociedade.

### 22 **3.2-Disposición da estrutura social e definición de nación**

23 Ao fío do comentado nos apartados anteriores, podemos diferenciar tres niveis:

- 24 -Base natural ou territorial
- 25 -Estrutura central (socioeconómica e produtiva)
- 26 -Superestrutura (ideolóxica e política)

27  
28  
29 Aliás, cómpre ter en conta o papel da acumulación de coñecementos técnicos e  
30 culturais como bagaxe social herdada que exerce como dinamizador do conxunto  
31 da sociedade.

32  
33 Deste xeito, podemos definir a nación ou o fenómeno da sociedade nacional  
34 como “unha comunidade humana historicamente formada sobre a base dunha  
35 comunidade de vida económica enmarcada nunha comunidade de territorio, cunha

1 herdanza cultural e comunicativa peculiares, froito da acumulación histórica e que  
2 se manifesta no presente nunha comunidade de lingua e cultura”.

## 3 4 5 **4- Oposición nacional e movementos de liberación nacional**

### 6 **4.1- Formación, consolidación e contradición nacional**

7 Cómpre unha caracterización correcta do que significan a “formación nacional”, a  
8 “consolidación nacional” e a “contradición nacional”.

9  
10 Stalin fala da “formación das nacións” no marco do capitalismo ascendente, no  
11 Occidente europeo coa formación dos Estados-nación burgueses e en Europa  
12 Oriental, cos casos de nacións cuxa formación é máis “tardía”, que ficarían baixo a  
13 opresión de vellos imperios multinacionais, nun capitalismo cun desenvolvemento  
14 máis feble. Pola súa banda, Lenin fala desa época, en todo caso, como a época  
15 da “formación dos movementos nacionais” na súa obra sobre O dereito á  
16 autodeterminación das nacións. Esa diferenza non é meramente retórica, senón  
17 que é moi significativa, pois Lenin evita o determinismo da tese de Stalin. Como  
18 foi desenvolvido anteriormente, non é posíbel afirmar como unha verdade  
19 absoluta que a formación das nacións se produce no capitalismo ascendente, xa  
20 que dito proceso dependerá da dinámica cambiante de cada sociedade en cada  
21 caso específico, dependendo do nivel de desenvolvemento das forzas produtivas,  
22 así como da bagaxe herdada para cada sociedade concreta. Nalgún momento  
23 histórico e en certos contextos, prodúcese o ascenso dunha clase dirixente como  
24 é a burguesía, cun modo de produción como é o capitalista, coa consolidación dun  
25 novo aparello supraestructural como é o Estado-nación burgués, aparecendo un  
26 elemento chave para a consolidación (que non a formación) dunha nación, que é o  
27 ascenso dunha clase social hexemónica, que nalgúns casos foi a burguesía, noutros  
28 o proletariado e mesmo noutros poden ser clases precapitalistas. En definitiva, a  
29 formación das sociedades nacionais pode producirse con independencia do status  
30 político e xurídico da sociedade formada como nación, mentres que a consolidación  
31 nacional exige, cando menos, a disposición dun poder político nacional. Non é  
32 posíbel afirmar con toda certeza o momento no que unha sociedade é formada  
33 como nación (pois é un proceso diferente e complexo que depende das dinámicas  
34 de cada sociedade particular), porén, cando dita sociedade constitúe un Estado  
35 independente, normalmente non se lle cuestiona o seu carácter nacional, polo que

1      poderá estar consolidada. Dito isto, nun contexto de contradición nacional (no  
2      que a unha nación se lle nega a disposición dun poder político de seu) o avance  
3      dun movemento de liberación nacional permitirá evidenciar con máis claridade a  
4      formación da nación en cuestión e a súa vontade crecente para a consolidación, sen  
5      que isto implique que debemos desprezar aqueles casos nos que o conflito derivado  
6      da contradición nacional se encontra nunha fase máis incipiente, polo que cómpre  
7      afastármonos daquelas teses que avalían a formación das nacións en función da  
8      súa consolidación como Estado, tendo unicamente en conta aquelas nacións con  
9      Estado ou cuxa loita pola consolidación atópase nunha fase máis avanzada, posto  
10     que resulta difícil determinar cal vai ser a resolución das loitas pola consolidación  
11     nacional nunha fase máis incipiente, polo que non debemos desbotalas xa de partida

12  
13     Nun contexto de opresión nacional, onde temos unha nación desprovista dun poder  
14     político propio (isto é, dun Estado propio), desenvólvese a contradición nacional  
15     (cun claro fundamento de clase) que se establece entre o bloque dominante do  
16     Estado opresor (conformado polas clases dominantes da nación opresora, nunha  
17     posíbel alianza coas clases dominantes autóctonas na nación oprimida) e as clases  
18     ascendentes (subalternas) da nación oprimida, que loitan pola construción dun  
19     novo Estado. Por tanto, a citada contradición nacional expresa antagonismos de  
20     clase no seu interior, no confronto polo poder político.

21  
22     Esta contradición nacional, en tanto que as clases dominantes e o Estado ao  
23     seu servizo non conceden gratuitamente a independencia á nación que quere  
24     consolidarse, leva ao conflito nacional, que ten un carácter fundamentado na  
25     opresión, posto que as clases ascendentes da nación en proceso de consolidación  
26     non dispoñen de aparello estatal, nin consecuentemente tampouco do dominio da  
27     supraestrutura, así como tampouco posúe o poder de decisión sobre a súa estrutura  
28     socioeconómica e produtiva no marco nacional, mentres que o bloque dominante  
29     do Estado opresor establece os mecanismos de dominación para impedir que a  
30     nación oprimida dispoña de poder político de seu. Como resposta a esta situación  
31     de opresión nacional, é que emerxen os movementos de liberación nacional.

#### 32 33     **4.2- Mecanismos da opresión nacional**

34     Cómpre, por tanto, analizar os diferentes mecanismos de opresión nacional:

35

1 - *A opresión socioeconómica, fundamento da opresión nacional.*  
2 A opresión nacional, como fenómeno xurdido dunha contradición social, ten o  
3 seu fundamento na opresión socioeconómica. Sen a opresión socioeconómica, a  
4 opresión nacional non tería lugar, por que todas as formas de dominación teñen  
5 unha base socioeconómica, derivándose da opresión socioeconómica sustentadora  
6 da opresión nacional, os outros mecanismos nos que se expresa a opresión nacional,  
7 como no plano político-militar e cultural e dependendo do contexto e as necesidades  
8 históricas da burguesía da nación opresora, a opresión socioeconómica pode tomar  
9 diferentes formas, como o espolio de recursos naturais ao servizo da metrópole, a  
10 destrución do tecido produtivo da nación oprimida ou a imposición dunha división  
11 do traballo favorábel á burguesía da nación opresora.

12

13 - *A opresión político-militar.*

14 A supraestrutura político-militar formada polo conxunto de axentes e institucións  
15 políticas e xurídicas que garanten a perpetuación do sistema de dominación nacional  
16 e de clase, é outro aspecto importante da opresión nacional, que é complementar ou  
17 facilitador da opresión socioeconómica fundamental. Dito mecanismo da opresión  
18 nacional é fundamentada sobre unha base territorial onde a nación opresora exerce  
19 o control político e social, a través de diferentes articulacións, como poden ser a  
20 figura dos gobernadores provinciais, as subdivisións administrativas rexionais e  
21 autonómicas ou a ocupación policial e militar sobre a nación oprimida, a partir do  
22 cal podemos falar do concepto de ocupación, que é un dos piares fundamentais que  
23 enmarcan unha situación de opresión nacional e fundamentan as loitas de liberación.

24

25 - *A opresión cultural e lingüística.*

26 Dentro dos mecanismos de opresión nacional, atopamos aqueles que teñen como  
27 obxectivo a reprodución do sistema de dominación a través das supraestruturas  
28 ideolóxicas ao servizo da clase dominante e que no caso da opresión nacional,  
29 operan no sentido da súa perpetuación (hexemonía ideolóxica da nación opresora)  
30 procurando aniquilar a bagaxe social herdada ou cando menos impedir que teña  
31 calquera sentido político nacionalizador. O chauvinismo da nación opresora pode  
32 ser considerado como unha ideoloxía, no sentido de que é un falso sistema de ideas,  
33 crenzas e valores hexemónicos, que perpetúan a reprodución da opresión nacional,  
34 particularmente no seu mecanismo fundamental que é o socioeconómico, procurando  
35 manter a unidade do marco estatal de dominación e acumulación. A súa hexemonía

1 fai que estes patróns ideolóxicos sexan vistos como o “natural” e o “sentido común”,  
2 como un “non-nacionalismo” fronte aos “extremistas nacionalistas” da nación  
3 oprimida.

4 No caso da lingua, que debera ser un elemento conector da sociedade nacional, é  
5 usada como unha arma ideolóxica, a través da minorización ou desprestixio da lingua  
6 da nación oprimida. Pola súa banda, na cultura, preténdese garantir a supremacía  
7 cultural da nación opresora, inculcando o auto-odio nos sectores populares da  
8 nación oprimida, así como fomentando o chauvinismo de grande nación, entre os  
9 sectores populares da nación opresora, en ambos casos promovendo a crenza na  
10 inferioridade da nación oprimida e a superioridade da nación opresora. En calquera  
11 caso, estes instrumentos ideolóxicos actúan impedindo o desenvolvemento da  
12 consciencia de clase.

13

#### 14 **4.3- Os movementos de liberación nacional. A solución política** 15 **para a contradición nacional: a liberación da nación oprimida**

16 Os movementos de liberación nacional son un produto da contradición que emerxe  
17 cando a nación opresora impide consolidarse á nación oprimida, procurando unha  
18 resposta fronte a esta contradición, baseada na súa superación a través do conflito  
19 coa nación opresora, co gallo de consolidar nacionalmente á nación oprimida e  
20 acadar un Estado propio independente, defendendo activamente e na práctica cotiá  
21 a autodeterminación da nación oprimida, cara a consecución da súa independencia  
22 nacional.

23

24 Dentro deste esquema, a autodeterminación non é un simple dereito pasivo,  
25 reducido a unha “cesión” sen conflito ou unha votación puntual, como un dereito  
26 formal, metafísico e abstracto, ou como un simple exercicio de “democracia”, senón  
27 que ten que estar asociada a un esforzo organizativo, á loita práctica consecvente  
28 no día a día polo seu exercicio (a través do conflito fronte á nación opresora e o  
29 seu poder dominante) e a culminación deste proceso coa liberación nacional e  
30 a independencia, cunha clase ou clases que dirixen esta loita (como xa vimos  
31 anteriormente) configurando un proxecto integral que ligue aos sectores interesados  
32 no proceso.

33

34 Desde a perspectiva da nación opresora, o conflito nacional (ou desde o seu  
35 punto de vista, o “problema nacionalista” ou o “desafío separatista”) podería ser



1 resolvido liquidando o movemento de liberación nacional que xorde como resposta  
2 á contradición nacional, porque é identificado como a causa do problema e non  
3 como unha resposta para resolvelo. Porén, isto implica descoñecer a raíz do conflito  
4 e unicamente serve para perpetualo, garantindo o marco de opresión nacional.

5  
6 Outra alternativa, para diluír o conflito nacional e a vía autonómica ou de pacto  
7 entre as clases dominantes da nación opresora e clases sociais ascendentes da nación  
8 oprimida, procurando unha especie de “terceira vía” que o único que fai é perpetuar  
9 a opresión nacional, aínda que baixo unha aparencia máis “amábel” e “inclusiva”,  
10 lexitimando o marco de dominación.

11  
12 De todo o anterior, podemos deducir que a única vía para a superación da contradición  
13 nacional, é o avance do movemento de liberación na perspectiva da consolidación  
14 da nación oprimida, mediante a consecución dun Estado propio independente nun  
15 contexto de opresión nacional, a autodeterminación e o dereito á independencia son  
16 parte integrante fundamental do programa de loita polo socialismo. Isto non quere  
17 dicir que debemos necesariamente apoiar (no caso de que que haxa un proxecto  
18 político desas características) o nacionalismo burgués da nación oprimida ou a  
19 separación en calquera circunstancia, xa que pode haber procesos de separación que  
20 non responden a un proceso de liberación nacional real, senón que poden beneficiar  
21 ao imperialismo. En calquera caso, haberá que apoiar o nacionalismo burgués da  
22 nación oprimida (no caso de que haxa un proxecto político desas características)  
23 cando responda a obxectivos democráticos e de loita contra a opresión nacional  
24 en cuestión, mais confrontalos nas súas posíbeis derivas reaccionarias e cando  
25 unicamente respondan aos seus intereses de clase particulares. Por outra banda,  
26 non hai que esquecer que a independencia formal dunha nación oprimida é unha  
27 condición fundamental para a independencia real, mais non garante en si mesma a  
28 independencia real, xa que poden ser mantidas formas de dependencia económica  
29 ou de neocolonialismo en relación á metrópole, polo que será unha tarefa das forzas  
30 revolucionarias o avance na loita pola verdadeira liberación da nación oprimida.  
31 Nese sentido, o papel do proletariado debe ser o de situarse á fronte das loitas pola  
32 liberación nacional, exercendo como clase social nacionalizadora e liberando o  
33 proceso histórico da nación oprimida, no camiño da construción dunha sociedade  
34 socialista.

35